

O **Observatorio da Mariña Pola Igualdade** constitúese formalmente en marzo de 2008, tendo entre os seus obxectivos o de velar, dentro da comarca e en xeral dentro de Galiza, polo cumprimento dos dereitos humanos das mulleres.

O OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE REIVINDICA:

> QUE AS MARIÑÁS TEÑAMOS GARANTIDO O NOSO DEREITO AO ABORTO NA REDE PÚBLICA (HOSPITAL DA COSTA), DE FORMA GRATUÍTA E SEN RISCOS PARA A SAÚDE!

> QUE SE ESTABELEZA UNHA LEI DE PRAZOS NA QUE ABORTAR OU NON ABORTAR SEXA DECISIÓN DAS MULLERES!

> QUE A REGULACIÓN DO ABORTO ESTEA ENMARCADA DENTRO DUNHA LEI DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA QUE RECOLLAN ESTRATEXIAS CONXUNTAS PARA MELLORAR A EDUCACIÓN SEXUAL!

Se queres saber máis de nós ou recibir información sobre actos que organizamos, ESCRÍBENOS a observatorioigualdade@gmail.com, CHÁMANOS a 663.617.406 ou ENTRA en <http://observatorioigualdade.blogaliza.org>

é só cousa de mulleres
ou é importante
para a sociedade?

aumenta
ou coarta
a liberdade
das persoas?

que é
iso da lei
do aborto?

mellorará ou
empeorará
a vida das persoas?

é un delito
ou un dereito?



Observatorio
da Mariña
pola Igualdade

Que é iso da lei do aborto?

dise que...

Xa temos unha lei que vale!

- > **REGULAR O ABORTO É SACALO DO CÓDIGO PENAL**, en coherencia coas directrices da ONU e UE, que esixen que a garantía ao aborto figure na lexislación dos estados.

pero...

en España o aborto está no Código Penal, e por tanto considérase un delito que está penado, excepto en tres supostos que o persoal médico ten que determinar (violación, malformación do feto ou perigo para a saúde física ou psíquica da nai).

- > **REGULAR O ABORTO É PERMITIRLLE ÁS MULLERES DECIDIR SOBRE A SÚA VIDA**, (en lugar de que sexan outros -médicos, xuíces- quen decidan se se lles permite abortar), en coherencia coa Lei Orgánica de Igualdade de 2007, que recoñece a plena autonomía das mulleres en todos os ámbitos da súa vida.

dise que...

Coa lei aumentará o número de abortos!

pero...

que exista unha lei do aborto non obriga a ninguén a abortar.

> **REGULAR O ABORTO CONTEMPLARÍA UNHA LEI DE**

PAZOS: Isto supón que até o "prazo" que se determine (14, 16 ou 22 semanas) se poida exercer este dereito sen ter que alegar ningunha causa. Esta é a opción elixida pola maioría dos países europeos: Bélxica, Holanda e Alemaña son países con leis de prazos máis amplos e con menores taxas de aborto.

dise que...

Xa hai clínicas nas que se pode abortar!

pero...

Son privadas! Menos do 3% dos abortos realizados en Galiza foron en centros públicos, polo que o nivel económico é un requisito indispensable.

dise que...

As mulleres que abortan son poucas!

> **A LEI DEBE GARANTIR O DEREITO AO ABORTO DE FORMA GRATUÍTA NA SANIDADE PÚBLICA** sen discriminar ás mulleres de menos recursos económicos, e

REGULAR A OBXECCIÓN DE CONCIENCIA DO PERSOAL MÉDICO DA REDE PÚBLICA, para garantir a cobertura desta prestación sanitaria.

pero...

Cada ano realízanse no mundo 46 millóns de interrupcións voluntarias do embarazo, e só en Galiza no ano 2007 realizáronse 2.526 intervencións. Nesta cifra inclúense mulleres de todas as ideoloxías políticas, crenzas relixiosas e situacións sociais.

- > **REGULAR O ABORTO É UNHA RESPONSA A UNHA REALIDADE SOCIAL**, A obriga de calquera goberno democrático é lexislar sobre as necesidades sociais que xorden no día a día para ofrecer garantías e melloras ao conxunto da cidadanía. Poñamos fin ao cinismo e dobre moral das sociedades!

dise que...

Abortar non é moral!

pero...

Negar o dereito ao aborto é impoñer unha moral concreta por riba dos dereitos individuais das persoas.

- > **REGULAR O DEREITO AO ABORTO É RECOÑECELO COMO UN DEREITO HUMANO INALIENÁBEL DAS PERSOAS** a decidiren con liberdade sobre as súas vidas, sobre o seu propio corpo, sobre a maternidade e a súa privacidade, menores taxas de aborto.